

BANDO

REGULARIZACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

D. Claudio Melquiades Garrido Martínez Alcalde do Concello de Sarria

VEÑO A DISPOÑER

PRIMERO.- Comunícase a todos os VECIÑOS que o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos é de **recepción obrigatoria** polo seu carácter hixiénico-sanitario. Unicamente se atopan non suxeitos a esta taxa os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado.

SEGUNDO.- Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa quen sexa **titular de** calquera dereito real ou persoal de ocupación de aqueles **inmables que se atopen situados na zona de cobertura do servizo de recollida de lixo**, con independencia de se depositan ou non os residuos para a súa recollida, e con independencia de que estean ou non ocupados ou utilizados.

TERCEIRO.- Detectada a existencia de inmables situados na zona de cobertura do servizo de recollida de residuos que non se atopan dados de alta no padrón municipal, **ábrese un período de REGULARIZACIÓN VOLUNTARIA para dalos de alta no devandito padrón**, por un prazo improrrogable dun mes, que finalizará o **5 de febreiro de 2024**.

CUARTO.- Finalizado este período de regularización voluntaria sen que o titular do inmobile solicitase a ALTA no padrón municipal, **o Concello actuará de oficio**.

Sarria a 3 de xaneiro de 2024
O Alcalde,

